



Concello de A Ribeira de Piquín

DECRETO DA ALCALDÍA

En A Ribeira de Piquín, a 8 de xuño de 2026.

Asunto: Lista definitiva do proceso selectivo para a contratación dun/dunha monitor forestal para o Obradoiro de Emprego "O Castro XI".

DON ROBERTO FERNÁNDEZ RICO, ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE A RIBEIRA DE PIQUÍN (LUGO).

De conformidade co expediente de provisión dun/ha (1) director/a, dous/dúas (2) monitores/as e un/unha (1) administrador/a, a xornada completa (100%) e por un período de nove (9) meses, mediante concurso-oposición regulado nas Bases aprobadas por Resolución de Alcaldía núm. 2026/0113, de data 5 de maio de 2026, e publicada a convocatoria no taboleiro de anuncios e no Boletín Oficial da Provincia de Lugo nº 0105, do 11 de maio de 2026.

Vista a acta do tribunal de data 22 de maio de 2026 e a Resolución de Alcaldía núm. 2026/0140, de data 29 de maio de 2026, pola que se acorda nomear como funcionarios interinos a unha directora, un monitor forestal e unha administradora, quedando deserta unha praza de monitor/a forestal.

Visto que foi publicada unha nova convocatoria para o posto de monitor/a forestal, publicada a convocatoria no taboleiro de anuncios e no Boletín Oficial da Provincia de Lugo nº 0121, do 29 de maio de 2026.

Analizadas as solicitudes presentadas e tendo en conta a competencia que me atribúe o artigo 21.1. g) e h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- Aprobar a lista definitiva de admitidos e excluídos do devandito proceso selectivo, cos/ás seguintes aspirantes:

APELIDOS E NOME	DNI	ACREDITACIÓN DO IDIOMA GALEGO	OBSERVACIÓNS (NON EXCLUÍNTE)**
RANCAÑO VIDAL, NOELIA	***4981**	SI	
RICO ECHEGARAY, PABLO	***7995**	SI	

SEGUNDO.- Proceder a nomear os seguintes empregados/as públicos como membros do Tribunal de selección de persoal:

Presidenta: Dna. Andrea Pasarín Marey, Administrativa do Concello de A Ribeira de Piquín (Lugo).

Vogais:





Concello de A Ribeira de Piquín

Dna. Maria del Pilar Tella Mazoy, Administrativa do Concello de A Ribeira de Piquín (Lugo).
Dna. Beatriz Pereiro Sordo, Traballadora Social do Concello de A Ribeira de Piquín (Lugo).
Dna. María Edrosa Otero, Administradora do Obradoiro de Emprego "O Castro XI", Concello de A Ribeira de Piquín (Lugo).

Secretario: D. Juan Hernando Rosa Ruíz, Secretario-Interventor acumulado do Concello de A Ribeira de Piquín (Lugo).

Igualmente, proceder a convocar ao citado Tribunal para o martes 9 de xuño de 2026, ás 09:00 horas, no salón de plenos da casa consistorial de A Ribeira de Piquín, aos efectos da realización da fase de concurso.

TERCEIRO.- Convocar aos aspirantes admitidos para a realización do primeiro exercicio, de carácter teórico, ás 09:30 horas do día 9 de xuño de 2026 na casa consistorial do Concello de A Ribeira de Piquín. Unha vez concluído este e puntuado polo Tribunal, procederáse seguidamente á realización do segundo exercicio, de carácter práctico.

QUINTO.- Dar conta da presente resolución ao Pleno na próxima sesión ordinaria que se celebre.

Mándao e asíno o Sr. Alcalde-Presidente, D. Roberto Fernández Rico, en A Ribeira de Piquín a 8 de xuño de 2026.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE

DECRETO
Número: 2026-0154 Data: 08/06/2026

Cod. Validación: 4KPP73NDSX2ZAZDPDP47S17K
Corrección: <https://ribeiradepiquin.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 2

